



UNIDADE 8

Vivir para traballar

Nesta unidade imos escribir unha páxina de presentación para a web dunha empresa.

Para iso, imos aprender:

- ◆ a establecer distintas relacións no enunciado: oracións concesivas, causais, modais, finais e consecutivas
- ◆ casos do obxecto directo coa preposición **a**
- ◆ a darlle coherencia e cohesión a un texto
- ◆ a describir unha empresa
- ◆ a falar dun traballo: calidades, funcións, problemas e sentimentos
- ◆ algunhas das características dos textos escritos formais
- ◆ vocabulario do ámbito do traballo e dos sentimentos

1. O TRABALLO É SAÚDE

A. Que profesións cres que producen máis estrés? Entre ti e un compañeiro, elaborade unha lista de posibles causas de estrés no traballo.

- *Eu creo que unha das profesións con máis estrés é a de médico, porque...*

B. Le agora o seguinte artigo sobre traballo e estrés. Compara o que se di coa lista que elaborastes na sección anterior. Hai coincidencias?

Custos laborais

Algunha vez te sentiches desmotivado polo traballo? A organización da empresa é un inimigo irreconciliable da túa realización persoal? Sénteste minusvalorado socialmente pola túa profesión? Se así é, podes estar sendo vítima dun trastorno relacionado co estrés, a primeira causa de doenza dos países industrializados.

Por Lola Seaxe.

Ensino sen brillo

As sociedades cambian e con elas as profesións. Pero as mellores condicións tecnolóxicas e as conquistas sociais foron tamén acompañadas de alteracións na posición social das diferentes ocupacións profesionais.



En moitos casos a presión emocional que, ás veces, as sociedades posmodernas exercen nos individuos, tamén alterou a diferente carga psicolóxica que posúe cada profesión. Deste xeito, o incremento de baixas relacionadas co estrés xa non se vincula con profesións de risco como bombeiros ou policía, senón con aquelas relacionadas co sector servizos que están en contacto co público: traballadores sociais, enfermeiros, médicos e profesores ocupan os lugares destacados nas estatísticas de estrés ou depresión laboral.

De todos estes colectivos o máis significado é o dos docentes que pasaron a ocupar os principais índices de doenzas psíquicas relacionadas co desempeño da actividade profesional. As causas que motivaron esta situación son diversas e complexas, pero apúntase a que o ensino como institución e o papel do profesor cambiaron nos últimos anos, e non sempre para ben. Fundamentalmente o mestre, o profesor, pasou de ser unha figura valorada e estimada a decaer nos índices de valoración social. Nunha sociedade que prima o éxito rápido e a progresión económica, o status docente dificilmente pode encaixar nestes parámetros, o cal redundará nunha baixa consideración e, por conseguinte, nun incremento dos niveis de inseguridade do colectivo.

Outros dos motivos que castigan especialmente o bo cumprimento da actividade docente é a ausencia de autoridade á que están expostos os alumnos e, polo tanto, a dificultade de poder aplicala na escola. Pasouse dun exceso de autoritarismo no ensino a unha carencia de autoridade que, nalgúns casos, ten as lamentables consecuencias das, cada vez máis frecuentes, agresións a profesores por parte de alumnos ou familiares de alumnos. Sumado a isto, os docentes queixanse, asemade, da falta de apoio que, en ocasións, senten da Administración que, a miúdo, opta por non introducir medidas que poidan ser antipopulares.

Con todo, a vocación das persoas que deciden dedicar a súa profesión a transmitir coñecemento e sabedoría, así como actitudes útiles para a formación humana das persoas, non decaeu. Fundamentalmente porque a escola segue sendo a segunda nai de todos nós.

Outras profesións con estrés

Traballadores en cadea: unha das principais causas de estrés é o traballo en cadea. Neste tipo de traballos non se esixe pensar e adoita haber unha gran desvinculación coa empresa, debido en parte ao descoñecemento sobre o produto que se realiza e a importancia do seu papel. Por iso, moitos destes traballadores séntense perdidos e cren que o seu traballo non ten sentido. Poden realizar, ademais, xornadas laborais maratonianas e acumular moitas horas, co que o desgaste físico e psicolóxico é aínda maior.

Outras profesións mecánicas e despersonalizadas: caixeiros e persoal da peaxe de autoestradas.

Percebeiros: vivir baixo a ameaza dos golpes do mar é unha das principais causas de depresión dos percebeiros. Cada vez que fanean están en estado de alerta permanente, sabendo que un descoido pode ser fatal para eles. Ademais, á inseguridade persoal engádese a angustia de quen o está esperando en terra, agardando sempre que cheguen sanos e salvos.



Outras profesións perigosas: policía e brigadas antiincendios.

Pilotos: os pilotos civís son responsables de manexar en condicións de seguridade avións de carga e pasaxeiros, coa enorme presión psicolóxica que isto leva consigo. En liñas aéreas cun gran volume de operacións, os pilotos poden chegar a facer ata cinco voos diarios de curto percorrido ou un se se trata de voos transoceánicos. Aínda que fagan escalas en lugares paradisíacos, non o viven como unhas vacacións, senón como un descanso forzoso antes de volver empezar a xornada que os devolva ás súas casas.

Outras profesións das que dependen vidas humanas: controladores aéreos e cirurxiáns.

Mariñeiros: os mariñeiros de alta mar viven o seu traballo en situacións de confinamento. Para eles non existe o concepto de xornada laboral, senón o de trimestre ou semestre de traballo. Durante ese tempo están lonxe das casas, só teñen contacto cos seus compañeiros e non teñen outro horizonte que a liña do mar. A sensación de non poder fuxir do barco, de non poder evitar a compañía dos compañeiros, de non ter espazo físico para a súa intimidade acaba por pesar no ánimo, ata poder chegar a ser vítimas dunha depresión.

Outras profesións que implican un confinamento: vixilantes e persoal de centros de risco ou de investigación.



C. A cal das profesións anteriores non poderías dedicarte? Por que? Que te estresa máis no traballo ou nos estudos? Coméntao cos teus compañeiros.

- *A min o que máis me estresa é...*

2. CONCILIACIÓN LABORAL

A. Oíches falar algunha vez de conciliación no mundo do traballo? En parellas, anotade as palabras que asocia-des a ese concepto. Logo, poñédeas en común co resto de compañeiros e, entre todos, intentade dar unha defi-nición de conciliación laboral.

B. Agora, lede este texto que recolle as experiencias de empresarios e empresarias galegas no ámbito da conciliación. Que idea destacariades de cada un dos entrevis-tados? Por que?

- De Ana Outes, eu destacaría o de que os homes non teñen que escoller entre traballo e familia, porque...

Mulleres e homes conciliadores

Por Telma Barros.

As medidas de conciliación laboral (isto é, o equilibrio entre traballo e familia) demostraron ser rendibles en numerosos países. Con todo, o empresariado galego, maioritariamente masculino, aínda non ve as súas van-taxes. Son as mulleres, sobre todo as directivas, as que máis as aproveitan. Estas son algunhas experiencias.



Ana Outes: “Saber conciliar require unha certa actitude mental”

Hai uns anos dirixía unha empresa con máis de 60 empregados, pero, co na-cemento do seu segundo fillo, as cousas comezaron a complicarse. “Nese momento apareceron as dificultades para

equilibrar unha vida laboral plena coa familia”, confesa. Así que decidiu abandonar a firma que dirixira durante máis de oito anos e, en 2004, fundou concilia.com, unha consultora es-pecializada en organización laboral e en deseñar plans de conciliación para

outras empresas. Dende o seu actual posto, ve con satisfacción o crecemento da súa empresa e o dos seus fillos, pero quexase da desigualdade que aínda existe entre homes e mulleres: “a eles nin se lles pasa pola cabeza ter que escoller entre traballo e familia”.



Carlos Hermida: “Hai que asumir riscos”

Hai anos que na empresa que dirixe Carlos tentan ofrecerlles certa flexibilidade horaria aos traballadores. “Estamos convencidos de

que é moito máis rendible traballar con xente que sabe equilibrar as súas nece-sidades persoais coas esixencias do seu posto. É unha reacción en cadea; é dicir, canto máis se aumenta a satisfacción

persoal do traballador, máis aumenta a súa motivación e o seu compromiso co traballo. Ademais, grazas á tecnoloxía, resulta moito máis fácil organizar o traballo doutra maneira.



Raquel Davila: “Non hai garantía de que aínda que un traballe moitas horas, o seu traballo sexa mellor”

As novas xeracións empezan a cuestionarse as longas xornadas laborais. En pa-labras de Davila, “Por que promover a quen necesita máis horas para facer o traballo? O malo é que dende a dirección da empresa tradicional as cousas non adoi-

tan verse así”. Segundo esta empresaria nova, “moitos directivos educáronse na idea de que hai que estar aquí, na oficina para traballar, ou sexa, se non te vexo, non te creo. Tampouco serve de nada que a empresa implante unha po-lítica de conciliación se ao empregado que se vai antes á casa o seu xefe o mira

mal. Vin casos de traballadores que se acollerían a medidas conciliadoras, pero o certo é que non se atreven a face-lo por temor ás represalias. A mensaxe das empresas debería ser “interésasme como profesional e como persoa e inte-résame o que fas”. Só así se pode contar con bos profesionais.”



Asunción García: “Aínda que educar sexa cousa de dous, acabamos conciliando as mulleres”

“Como compaxinar traballo e familia é cousa de dous, aínda que, de feito, acaba-mos sendo as mulleres as que cedemos ou renunciamos a certas aspiracións profesionais para dedicarnos á familia. Malia que teñamos certo protagonismo bioló-

xico á hora de traer os fillos ao mundo, non creo que debamos asumir en exclu-siva a tarefa de crialos: os homes saben e poden exercela tan ben coma nós. O que pasa é que, agora mesmo, o tema da conciliación non está pensado para a maioría da clase traballadora, é dicir, que está ideado de tal maneira que só

o poden aproveitar os altos cargos. De-beríanse crear e potenciar máis postos con xornada parcial de catro a seis horas. Desta forma, moitos traballadores pode-rían sentirse laboralmente activos, inde-pendientes economicamente e satisfeitos como nais ou pais de familia, aínda que non gañasen moito diñeiro, claro”.



C. Escoita as queixas de catro persoas acerca da súa situación laboral. As súas reclama-cións teñen que ver cos problemas que acabas de ler. Relaciona cada intervención cos comentarios efectua-dos polos empresarios e empresarias do texto anterior.

D. No teu contorno, como se resolve o problema de conciliar o traballo coa vida privada? Entre todos, co-mentade casos que coñezades.



3. AÍNDA QUE

A. Le as frases de abaixo. En cada caso, que relación cres que establece a parte en grosa co resto do enunciado? Relaciónaa co concepto máis axeitado do cadro de máis abaixo.

- 1) **Aínda que** estea sacando o carné, non teño ningunha intención de conducir.
- 2) Terán que mudar de cidade, **porque o pai non atopa traballo aquí.**
- 3) Fixéronme unha proposta salarial máis xusta, **así que decidín seguir na empresa.**
- 4) Acatei a súa decisión **para seguirmos mantendo unha boa relación laboral.**
- 5) Fixen a torta **tal como me dixeches** e quedou de maravilla.

- a) finalidade, propósito
- b) oposición, contraste
- c) causa
- d) consecuencia
- e) modo

• *Pois eu creo que na primeira pode haber unha relación de causa...*

B. Fíxate nas palabras subliñadas. Que función cres que desempeñan en cada un dos enunciados? Co teu compañeiro, podedes enumerar outras palabras ou expresións que as poidan substituír en cada caso? Logo, aclarádeo co voso profesor.

C. Agora, no voso caderno, xuntade cada par de frases do cadro seguinte, formando oracións complexas que indiquen relacións similares ás que aparecen na actividade A (empregade as palabras e expresións que sinalastes en B). Ao final, comparade as vosas oracións coas dos demais compañeiros. Fíxestelo moi parecido?

- a) Agora está prohibido fumar nas dependencias da empresa. Agora a xente fuma menos.
- b) Botei moito tempo falando co avogado. Cando volvíñ á oficina a reunión xa comezara.
- c) Podes ter unha vida máis sa. É necesario diminuír o consumo de frituras e bebidas gasosas.
- d) Merquei un novo ordenador. Teño que facer proxectos máis avanzados.
- e) A recepción non debe estar moito tempo sen persoal. As recepcionistas deben participar na reunión.

4. APRENDER A ESCRIBIR



A. Un universitario está facendo un estudo sobre o proceso de escritura. escoita a entrevista que lle fai a unha compañeira da facultade e completa o cadro.

Escribe moito ou pouco?	
Que tipo de texto?	
Resúltalle fácil ou difícil?	
Que estratexia ou técnica utiliza?	

B. E ti? Que tipo de textos escribes normalmente? Cales che resultan máis fáciles de escribir? Cales máis difíciles? Tes algunha estratexia ou técnica para facelo? Pén-sao e coméntao cos teus compañeiros.



5. DE PROFESIÓN, INVENTOR

A. Le o seguinte texto. Trátase dun artigo acerca dun certame sobre inventos.

O salón dos inventos Imaginaria exhibe os seus produtos

Vilagarcía de Arousa convértese un ano máis no núcleo neuráxico da innovación enxeñosa e no centro de exposición das creacións máis imaxinativas e orixinais. O salón dos inventos Imaginaria, no recinto feiral de Fexdega, acolle a exposición e demostración de varios produtos presentados polos seus creadores, utilizando varios soportes: maquetas, sistemas informáticos ou, directamente, a mostra de como funciona o produto. Asemade, a exposición cobre unha dobre finalidade: pór en contacto os inventores con fabricantes e comercializadores e exhibir as súas descubertas a un público que tamén poderá votar e escoller os inventos que lle parecen máis creativos.

Durante a visita ao certame, non deixa de sorprenden a capacidade de inventiva amosada nas patentes mostradas. Por exemplo, as solucións que se achegan para sortear as catástrofes: un lucense ideou un portón inchable que se adhire ás portas e impide a entrada de auga en caso de riada; ou un aparello cun arnés incorporado que se coloca no balcón ou na ventá e que permite a evacuación en caso de incendio.

Pola súa banda, os problemas domésticos tampouco quedaron á marxe das preocupacións dos inventores e presentáronse produtos para acabar coas fugas de gas, cunha chave intelixente que reduce o risco nun 98%. Ou o invento chegado de Ourense que consiste nunha lámpada industrial de baixo consumo que pretende realizar unha achega para evitar o dano da capa de ozono.

E, como non podía ser doutro xeito, tamén o motor tivo o seu protagonismo na feira. O máis visitado foi un artefacto que serve para quentar a auga e, deste xeito, eliminar con facilidade o xeo do parabrisas.

Pero as patentes mostradas non só proviñan do ámbito ibérico, senón que dende México viaxou unha parella para expor a súa idea. É un tipo de calzado que permite modificar a cor e a forma sen maior investimento económico, xa que o zapato ou sandalia baséase nunha sola de alta calidade e apenas desgaste, á que se lle incorporan diferentes modelos na parte superior.

En definitiva, a exposición constitúe un itinerario de interese polos inventos máis sorprendentes ideados polo máxín humano e que fai bo o dito de “a grandes males, grandes remedios”. O público asistente poderá ter unha idea de cara a onde camiñan os aparellos do futuro, ademais de participar na elección dos creadores galardoados na entrega de premios, que servirá como colofón do evento.

B. Os textos cambian dependendo do interlocutor e da intención do emisor. Como expresarías as mesmas informacións que aparecen no texto se llas contases a un amigo? Ten en conta estas cuestións.

- 1) Empregarías o mesmo vocabulario?
- 2) Farías frases igual de longas?
- 3) Estruturarías a información de xeito tan ordenado?
- 4) Empregarías os mesmos conectores?

C. Volve ler o texto e contesta as seguintes preguntas.

- 1) Cales son os temas de cada parágrafo?
- 2) Cales son as palabras clave en cada parágrafo?
- 3) Cantas palabras ou expresións encontras no texto para referirse a invento e salón do invento? Cales?

6. DÚAS CRÓNICAS

A. As seguintes crónicas son case idénticas. Porén, presentan algunhas diferenzas respecto á información que transmiten. Sabes en que consisten? Cres que o obxectivo informativo é o mesmo nos dous textos?

Unha parella de 33 e 32 anos resultou ferida na noite de onte, con lesións de certa consideración, nunha nova convulsa xornada da movida nocturna. Os acontecementos tiveron lugar na discoteca Onda de mar, e orixináronse cando o mozo de 18 anos F.G.T. golpeou a A.S.Z. e a súa moza, ao parecer, por mollalo ao verter a súa copa. Ante a reacción violenta do agredido, F.G.T., que tamén resultou lesionado, golpeou de novo a parella e comezaron a pegarse uns aos outros, iniciándose, deste xeito, unha pelexa co resultado xa coñecido.

Segundo o parte sanitario, o mozo e a moza magoados evolucionan favorablemente das súas lesións e, polo momento, descoñécese se a policía iniciou accións legais contra o iniciador da pelexa. Interrogouse a Antonio Canido, o xerente da discoteca, sen transcender aínda o resultado deste interrogatorio. Pola súa banda, *O Expreso* tamén entrevistou o xerente, quen lamentou os acontecementos da pasada noite, aínda que salientou que non eran nin moito menos habituais no seu local, xa que non deixan entrar a calquera.

Unha nova convulsa xornada na movida nocturna acabou cun saldo de tres feridos de certa consideración. Os acontecementos tiveron lugar na discoteca Onda de Mar e orixináronse cando un dos implicados golpeou outro cliente e a súa moza, ao parecer, por mollalo ao verter a súa copa. A partir dese momento, iniciouse unha pelexa e comezaron a pegarse uns aos outros, ata que se chegou ao coñecido resultado. O único que se sabe ata agora é que todos evolucionan favorablemente das súas lesións e ata o momento descoñécese se a policía iniciou accións legais dalgún tipo, a pesar de que interrogou o xerente da discoteca, Antonio Canido, sen transcender aínda o resultado deste interrogatorio. Pola súa banda, ao citado xerente entrevistouno *O Expreso* e salientou que o acontecido non era nin moito menos habitual no seu local, xa que non deixan entrar persoas de dubidosa reputación, e destacou o carácter pacífico da diversión nocturna da cidade.

B. Agora, co teu compañeiro e tendo en conta o que discutistes en A, poñédelle un titular a cada unha das crónicas.

C. Le de novo os dous textos e, coa axuda do teu profesor, subliña todos os complementos que funcionan como obxecto directo. Cal cres que é o criterio para a ausencia ou a presenza da preposición **a** no complemento directo?



Vínculos entre oracións

Moitos enunciados constrúense relacionando dúas oracións, onde unha delas restrinxe, completa ou modifica o significado da outra, que xeralmente achega a información principal.

Oracións concesivas

As oracións concesivas serven para expresar unha dificultade ou unha oposición que non impide o cumprimento do que se di na oración principal. **Aínda que** é o conector máis frecuente para introducir este tipo de oracións, pero tamén o fan outros como **malia que**, **a pesar de que** e **mesmo que**.

- **Aínda que** *obtivo unha boa puntuación nas probas, Carlos non conseguiu o traballo.*
- **A pesar de que** *os prezos soben, o consumo non baixa.*

Oracións causais

As oracións causais serven para enunciar a causa do que se di na oración principal. O conector que máis frecuentemente as introduce é **porque**, seguido doutros como **xa que**, **posto que**, **unha vez que**, **visto que**, **por mor de (que)**, **a causa de (que)**, **por culpa de(que)**, **debido a (que)**, **pois, que** e **como**.

- *Mercamos o peixe no mercado **porque** hoxe non veu a peixeira.*
- *Como non vindes agora, vou seguir estudando un pouco máis.*

Oracións finais

As oracións finais explican a finalidade da acción da oración principal. O conector máis utilizado é **para (que)**, pero hai outros posibles, como **a que**, **co gallo de**, **a fin de (que)**, **co propósito de (que)**, **co obxecto de (que)**, **con tal de (que)**...

- *Vounos chamar **para que** me digan o resultado.*
- *Atrasamos o comezo do evento **co propósito de que** todos estivesen na apertura.*

Oracións consecutivas

As oracións consecutivas expresan o resultado ou a consecuencia dos feitos narrados na oración principal. Os conectores máis frecuentes para introducilas son: **así que**, **logo**, **por tanto**, **por conseguinte**, **en consecuencia**, **de modo/maneira que**, **de aí que, que** (xeralmente combinado con **tanto(s)/tanta(s)** ou **tal/tales**).

- *Dixérame que só non traballaba as fins de semana, **así que** planeei a visita para a mañá do sábado.*
- ***Tal** foi a dor que sentiu **que** se agarrou ao primeiro que pasaba para non esvaecerse.*

Oracións modais

As oracións modais serven para establecer o modo como se realiza a acción expresada na oración principal. O conector máis característico para introducilas é **como**, pero tamén se emprega o xerundio, ademais doutros conectores: **así como**, **tal como**, **ben como**, **como se**, **sen que**, **conforme**, **segundo**, **consonte** e **tal cal**.

- *Comportouse na entrevista **como** llo dixeran no curso.*
- *Podes axudarme **buscando** no dicionario estas palabras.*

O obxecto directo coa preposición a

Por regra xeral, o obxecto directo non leva preposición, aínda que se refira a persoas. Non obstante, hai algúns casos nos que se debe colocar a preposición **a**.

Se o núcleo do obxecto directo é un nome de persoa ou un pronome persoal.

- Chamei **a Xoana**, pero non estaba na casa.
- Feliciteinos **a eles** polo aniversario.

Cando o complemento directo antecede o suxeito (orde non habitual) ou se pode confundir con el.

- **Ao equipo do barrio** derrotárono aqueles rapaciños.
- A rapaza bicou **á avoa**.

Con un como pronome de indeterminación e co pronome todos/as referido a persoas.

- Miran **a un** como se fose culpable.
- Coñecerás **a todos** no meu aniversario.

Co identificador calquera sen antecedente.

- É unha cerimonia moi familiar. Non vou invitar **a calquera**.

Na construción de reciprocidade un a(o) outro.

- Insultábanse mutuamente un **ao outro**.

Nas estruturas de comparación entre OD, para evitar confusión co suxeito (neste caso, a colocación da preposición é opcional no primeiro elemento da comparación, pero obrigatorio no segundo).

- Querían tanto a/á nai coma **ao pai**.

O pronome de solidariedade

Familiar	che	vos
Cortesía	lle	lles

O pronome de solidariedade corresponde á forma de pronome persoal de obxecto indirecto e emprégase cando se

Ile quere dar ao interlocutor unha participación afectiva ou un trato familiar especial. A presenza destes pronomes non produce ningunha alteración na información que transmite o enunciado.

- **Évos** unha situación ben delicada.
- Pois xa non **che** sei nada.
- **Vaille** un frío que arrepía.

A COHESIÓN GRAMATICAL

Nun texto ben cohesionado, aparecen diversos mecanismos que permiten facer referencia a elementos que xa apareceron antes ou que aparecerán despois.

ARTIGOS (determinados ou indeterminados)

SUBSTITUCIÓN MEDIANTE PRONOMES

ELIPSES (palabras que se omiten porque aínda permanecen presentes no contexto inmediato do texto)

Ademais, é necesario establecer relacións entre as diferentes partes do texto mediante conectores, que poden ser dos seguintes tipos:

CAUSAIS (porque, por iso, como...)

TEMPORAIS (primeiro, logo...)


CONCESIVOS (aínda que, a pesar de (que), malia (que)...) **CONSECUTIVOS** (da información ou da argumentación: é

por iso que, así que, por tanto...)

etc.

MARADINHO LESIONADO

Un xogador clave do Brasas F.C., Maradinho, lesionouse no partido de onte ante o Atlético Dridma. Miles de espectadores viron caer o dianteiro despois de loitar por un balón alto contra Rufia Ness, o defensa do equipo contrario. Ao parecer, a cabeza de Maradinho chocou de forma brusca contra o ombro do seu adversario. O astro brasileiro permaneceu inconsciente durante máis dun minuto e, posteriormente, dado que non mostraba sinais de recuperación, os padioleiros saíron á herba collelo. “Non me dei de conta de que Maradinho viña cara a min, senón intentaría evitalo”, comentou Rufia Ness, moi afectado, na rolda de prensa posterior ao partido. O equipo médico que atendeu a estrela do Brasas F.C. dará esta tarde un parte (médico). Ao peche desta edición, o xogador, a pesar do aparatoso do choque, xa abandonara o hospital. Paco López, adestrador do Brasas, declarou que, moi probablemente, Maradinho deberá quedar fóra da convocatoria do próximo domingo. Así pois, López non terá máis remedio que incluír no once inicial a Lupetti, que leva seis partidos sen xogar.



! Cando na oración aparece un pronome de OI, o de solidariedade sempre vai diante del.

- Non **che lle** darei este desgusto.

Darlle coherencia e cohesión a un texto

Como xa sabes, un texto é algo máis que unha sucesión de frases. Para escribir un bo texto, debemos ter en conta unha serie de aspectos.

A COHESIÓN LÉXICA

Con frecuencia precisamos retomar un mesmo concepto, polo que, en moitas ocasións, é conveniente empregar sinónimos ou palabras dun mesmo campo semántico.

BAIXAN AS TEMPERATURAS

Este ano os termómetros van rexistrar **as temperaturas máis baixas** dos últimos 10 anos. **Este descenso** débese a unha **onda de frío polar** que nos visitará ata o próximo mes de febreiro, cando...



7. ENTREVISTA DE TRABAJO



Escoita o audio no que se fala de Marisa e Pedro, dúas persoas que se presentaron a unha entrevista de traballo para un posto de directivo nunha empresa editorial. Quen cres que obterá o traballo? Tomade notas e, en parellas, comentade cal dos dous credes que pode ter máis posibilidades de conseguir o posto.



PILAR



IGNACIO

8. EMPRENDEDORES

A. Imaxínade que ides crear unha empresa e que ides contratar algúns compañeiros para traballar nela. Primeiro, para saber de que recursos humanos dispoñedes na clase, cada un de vós vai escribir nunha folla a súa vida laboral (os traballos que fixo ata agora), expoñendo a información do xeito máis atractivo posible. Despois, colgade os textos na parede.

- Traballei dous anos en Inglaterra no sector da sanidade pública.
- Estiven empregado na rama da hostalaría en contacto con clientes estranxeiros durante varios anos.

B. Buscade unha parella e, como socios, decidide cal das seguintes empresas queredes dirixir, aínda que tamén podedes crear outras diferentes.

- Empresa de servizo de restauración para acontecementos internacionais.
- Empresa de dinamización de zonas rurais abandonadas ou pouco desenvolvidas.
- Empresa de ocupación de tempo libre para centros de acolida de adolescentes.
-

C. Agora, tedes que ler as vidas laborais dos compañeiros e discutir a quen contrataredes en función das necesidades da vosa empresa.

D. Por último, facede unha exposición na clase sobre a vosa empresa e os vosos traballadores xustificando a selección que fixestes.

9. XEFES



A. Rosa e Xan comentan as súas experiencias laborais cos seus xefes.

Escoita e anota no teu caderno as respostas de cada un a estas preguntas.

Como era o xefe ou a xefa?
Aprenderon algo deles?
Teñen un bo ou mal recordo?



B. E ti, tes bos ou malos recordos dos teus xefes ou profesores? Pensa nun e coméntao cos teus compañeiros. Quen tivo o xefe/profesor máis liberal, próximo, agradable..?

- Eu lembro un xefe moi simpático que nos invitaba cada día a tomar algo despois do traballo. Supoño que era unha compensación polo noso esforzo.

C. En pequenos grupos, elaborade unha listaxe coas seis características máis importantes dun bo xefe. As expresións do cadro pódenvos axudar, pero podedes engadir outras.

SER	SABER	TER
Accesible	Transmitir mensaxes de forma positiva	Capacidade de análise
Organizado/a	Traballar de forma autónoma	Moita experiencia
Emprendedor/a	Tomar decisións	Unha boa formación académica
Tolerante/a	Dar a cara	Capacidade de mando
Dinámico/a	Delegar	Capacidade de identificarse coa empresa/equipo/proxecto
Creativo/a	Dar/Inspirar confianza	Capacidade de traballar en equipo
Seguro/a	Transmitir entusiasmo/seguridade	Moita seguridade nun/nunha mesmo/a
.....	Recoñecer os seus erros	
		

- Eu creo que un xefe non ten que ser unha persoa moi próxima aos seus traballadores porque ten que marcar as distancias, senón a xente non o toma en serio.
- Pois eu creo que non, un xefe debe...

10. ESTÁ BEN ESCRITO?

Agora ides escribir unha carta de presentación para un traballo. Que che parece a que escribiu unha alumna? Que nota lle porías? Estás de acordo co que marca e comenta a profesora? Detectas outros erros? Fai as correccións que consideres necesarias e reescribe o texto.

Demasiado informal.
Ola señores:

Reformular.
Como vin o seu anuncio o pasado venres 9 deste mes no xornal *O correo galego*, decidín escribirlles para solicitar o posto de relacións públicas na súa empresa.

Demasiado directo.
No meu currículo verán que teño a formación e a experiencia que piden. *Gústame* o dinamismo e son capaz de afrontar os retos dun traballo como o que vostedes ofrecen e son moi sociable. *Gústame* o traballo en equipo e son capaz de integrarme en calquera contorno de traballo. Responsabilidade e iniciativa son outras das aptitudes que me caracterizan, así como a capacidade de planificación e organización das miñas tarefas.

Dende que me licencié en Psicoloxía en 1999, traballei no departamento de recursos humanos en diferentes empresas. Dende 2006 traballo para INFOCIT. Non obstante, sinto que o traballo me parece rutineiro e creo que chegou a hora de idear novos obxectivos.

(Reformular. Dá a impresión de que es unha persoa inconstante, apática. Di o mesmo de forma positiva).

(Con que idea da frase anterior se contrapon a información que introduce "non obstante"? Non se entende a oposición)

Escribölles o meu teléfono persoal e o meu enderezo de correo electrónico por se queren preguntar algo. En caso de que o meu currículo sexa do seu interese, estarei encantada de defender a miña candidatura nunha entrevista persoal.

Agardo as súas novas.

Ata pronto,
Elvira Díaz



+++ Ben explicar que queres no primeiro parágrafo.

Este parágrafo encaixa aquí? Que información ofrece? É máis importante que a experiencia?

Hai pouca información sobre INFOCIT.



Tenta atopar expresións máis axeitadas para este tipo de texto.



11. TRABALLO TEMPORAL

A. A empresa de traballo temporal TT LABOR está construíndo a súa páxina web para darse a coñecer entre os seus posibles clientes: as empresas que precisan cubrir un posto e os candidatos que buscan traballo. En grupos, decide a parte da páxina que vos gustaría desenvolver (a que vai dirixida a empresas ou a candidatos) e escribe o texto de promoción. Debaixo tedes algunhas ideas, pero podedes pensar noutras.

B. Cando acabades de redactar o texto, facede unha primeira revisión e entregádelo a outro grupo. Vós tamén ides recibir un texto: analízade a corrección gramatical e a distribución da información e incluíde as notas que vos parezan convenientes para que o outro grupo poida melloralo. Cando recibades as correccións do texto que escribistes, reelaborádeo e escribe a versión definitiva.



12. UN MUNDO QUE SE VAI

A. Coñeces algunha profesión que xa non se desempeña? Le o seguinte texto acerca dalgúns traballos que xa se extinguiron ou que apenas se exercen. Coñecíalos todos?



Afiadores: eran as persoas encargadas de afiar calquera ferramenta cortante (tesoiras, coitelos...) e a miúdo exercían tamén de paraugueiros. Curiosamente, aínda que estenderon o seu labor por toda a península Ibérica a súa procedencia estaba moi localizada xeograficamente, xa que case todos proviñan da provincia de Ourense e, en concreto, do concello de Nogueira de Ramuín. Era unha profesión nómade e o seu instrumento de traballo era unha roda inserida nunha estrutura de madeira. Foron un colectivo moi solidario que incluso chegou a desenvolver unha xerga propia: o barallete. Eran inconfundibles cando chegaban a unha vila polo característico son do seu chifre, feito de madeira de buxo.



Naseiros: son as persoas que se dedican á fabricación de nasas ou que pescan con elas e, polo tanto, é unha ocupación propia das zonas marítimas. As nasas son instrumentos asociados á pesca de baixura e son moi aptas para a pesca do marisco, como as nécoras ou o polbo. Tanto quen faena con elas como quen as constrúe debe ter unha especial destreza. Para a construción de nasas é preciso ter unha grande habilidade artesanal, xa que son construídas con vimbio, barrotes de madeira ou arame. Son de forma cilíndrica e nunha base teñen unha abertura en forma de funil e na outra unha tapadeira para pechar.



Feirantes: coa perda de vigor das feiras, a ocupación de feirante tamén foi desaparecendo pouco a pouco, e foi substituída polos modernos gandeiros. Os feirantes dedicábanse á compravenda de gando nas feiras, aínda que por extensión o nome pasou a denominar a todos aqueles que comercializaban algún produto nas feiras. Os feirantes normalmente criaban o gando nas súas casas; con todo, os de maior potencial económico tiñan criadores aos que lles compraban as reses e, dado que estes se ocupaban da alimentación do animal, compartían os beneficios cando era vendido na feira.



Tecelás: en Galicia o labor de tecer era desempeñado exclusivamente por mulleres e, aínda que hoxe o seu traballo continúa en concellos da comarca de Bergantiños ou noutros como Chantada ou Viana do Bolo, o certo é que está case extinto. As tecelás traballaban o liño ou a la que inicialmente se dividía nunha serie de fíos paralelos entre si que ían ao longo do tear ata constituír un lenzo de 260 fíos. A partir de aí, a materia prima para a elaboración de colchas ou mantas xa estaba lista.

B. Agora comentade en parellas se coñecedes outras profesións que xa non se exerzan ou que apenas se desempeñen na actualidade.

13. A LINGUA DAS BOLBORETAS

A. A continuación vas ler uns fragmentos de *A lingua das bolboretas*, un relato de Manuel Rivas onde se recrea a Galicia de 1936. No seguinte fragmento vas descubrir como foi a experiencia na escola de Pardal, o protagonista do conto, e a relación co seu mestre. Gardas lembranzas parecidas sobre os teus días de escola? Algún dos profesores que tiveches lémbrache a don Gregorio?

“O mestre dixo hoxe que as bolboretas tamén teñen lingua, unha lingua fina e moi longa, que levan enrolada como o resorte dun reloxo. Váinola ensinar cun aparello que lle teñen que mandar de Madrid. ¿A que parece mentira iso de que as bolboretas teñan lingua?”

“Se el o di, é certo. Hai moitas cousas que parecen mentira e son verdade. ¿Gustouche a escola?”

“Moito. E non pega. O mestre non pega”.

Non, o mestre don Gregorio non pegaba. Pola contra, case sempre sorría coa súa cara de sapo. Cando dous pelexaban no recreo, el chamáboas, “parecedes carneiros”, e facía que se desen a man. Logo, sentáboas no mesmo pupitre. Así foi como fixen o meu mellor amigo, Dombodán, grande, bondadoso e torpe. Había outro rapaz, Eladio, que tiña un lunar na meixela, no que mallaría con gusto, mais nunca o fixen por medo a que o mestre me mandase darlle a man e que me cambiase de xunto a Dombodán. O xeito que tiña don Gregorio de mostrar un grande enfado era o silencio.

“Se vós non calades, terei que calar eu”.

B. No texto da actividade 1 desta unidade fálase das dificultades que atinxen o desempeño laboral dos profesores hoxe en día. Lede, a continuación, o fragmento seguinte de *A lingua das bolboretas* e comprobade cales eran os problemas que tiñan os mestres da época na que está ambientado o conto. A partir do lido, discute en parellas, como credes que a situación das respectivas sociedades afecta a educación e o labor dos docentes.

C. No último parágrafo, fálase dunha “tormenta” que vai vir. Que cres que vai pasar? Fai hipóteses sobre o final da obra se non o coñeces.

E ía cara ao ventanal, coa mirada ausente, perdida no Sinaí. Era un silencio prolongado, desacougante, como se nos deixase abandonados nun estraño país. Sentín pronto que o silencio do mestre era o peor castigo imaxinable. Porque todo o que tocaba era un conto engaiolante. O conto podía comezar cunha folla de papel, despois de pasar polo Amazonas e a sístole e a diástole do corazón. Todo enfiaba, todo tiña sentido. A herba, a ovella, a la, a miña friaxe. Cando o mestre se dirixía ao mapamundi, ficabamos atentos como se se iluminase a pantalla do cine Rex. Sentiamos o medo dos indios cando escoitaron por vez primeira o rincho dos cabalos e o estoupido do arcabuz. Iamos ao lombo dos elefantes de Aníbal de Cartago polas neves dos Alpes, camiño de Roma. Loitamos con paus e pedras en Ponte Sampaio contra as tropas de Napoleón. Pero non todo eran guerras. Faciamos fouces e

rellas de arado nas ferrerías do Incio. Escribimos cancioneros de amor en Provenza e no mar de Vigo. Construímos o Pórtico da Gloria. Plantamos as patacas que viñeran de América. E a América emigramos cando veu a peste da pataca.



tiñan inconveniente, lle gustaría tomarlle as medidas para un traxe.

“¿Un traxe?”

“Don Gregorio, non o tome a mal. Quixera ter unha atención con vostede. E o que sei facer son traxes”.

O mestre mirou arredor con desconcerto.

“É o meu oficio”, dixo o meu pai cun sorriso.

“Respecto moito os oficios”, dixo por fin o mestre.

Don Gregorio levou posto aquel traxe durante un ano e leváboas tamén aquel día de xullo de 1936 cando se cruzou comigo na alameda, camiño do concello.

“¿Que hai, Pardal? A ver se este ano podemos verles por fin a lingua ás bolboretas”.

Algo estraño estaba a suceder. Todo o mundo parecía ter présa, mais non se movía. Os que miraban cara adiante, daban a volta. Os que miraban para a dereita, viraban cara á esquerda. Cordeiro, o recolledor de lixo e follas secas, estaba sentado nun banco, preto do palco da música. Eu nunca vira sentado nun banco a Cordeiro. Mirou cara arriba coa man de viseira. Cando Cordeiro miraba así e calaban os paxaros era que viña unha treboada.

Manuel Rivas (A Coruña 1957), xornalista, novelista, ensaísta e poeta, é un dos escritores de maior relevancia do panorama galego contemporáneo. Foi socio fundador de Greenpeace en España e, tras a catástrofe do Prestige, participou na creación da plataforma Nunca Máis.

A súa obra narrativa obtivo diferentes premios e recoñecementos: o Premio da Crítica por *Un millón de vacas* (1990), o Premio Nacional de Narrativa por *Que me queres amor?* (1996). Outras novelas de alcance importante foron *O lapis do carpinteiro* (1998) ou *Os libros arden mal* (2006).